



# BOP

LUNS, 18 DE SETEMBRO DE 2023

N.º 215

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS PORTOMARÍN

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA:**

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA - LIXO ABRIL - XUÑO/2023.
- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA ABRIL - XUÑO /2023.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA:**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 18/07/2023 ata o 18/09/2023.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2907

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA:**

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón LIXO NO RURAL XANEIRO - XUÑO/2023.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

**ANUNCIO DE COBRANZA:**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 18/07/2023 ata o 18/09/2023.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas costas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín 11 de xullo de 2023.- O alcalde, O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2908

**O VICEDO**

*Anuncio*

**Emprazamento no procedemento ordinario nº 187/2023-C do Xulgado contencioso-administrativo nº2 de Lugo.**

Neste Concello recibíuse emprazamento polo recurso contencioso - administrativo que de seguido se cita:

Órgano xurisdiccional: Xulgado do contencioso - administrativo nº 2 de Lugo

Número: Procedemento ordinario 187/2023-C

Recorrentes: Bitacast, S.L.

Acto recorrido: Acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio de 2023, polo que se aproba definitivamente o proxecto de expropiación forzosa, con ocupación urxente, dos bens e dereitos afectados pola execución da obra "Recuperación da servidume de tránsito entre Os Castelos e a praia de Fomento e execución de sendeiro litoral; TM O Vicedo (Lugo).

De conformidade co preceptuada no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa, por medio do presente anuncio, emprázase ás persoas interesadas para que poidan persoarse no procedemento sinalado, perante o órgano referido, no prazo de 9 días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Vicedo, 12 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2909

**MINISTERIO DE FACENDA**

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - BEGONTE**

*Anuncio*

Extracto da Resolución da Alcaldía do 13 de setembro de 2023 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas para a material escolar e libros ESO (IES RÁBADE) para o curso 2023-2024.

BDNS (Identif.): 716428

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/716428>)

**Primeiro. Beneficiarios:**

- Poderán ser beneficiarios das axudas convocadas, os alumnos matriculados no C.E.I.P. Virxe do Corpiño de Begonte, no curso escolar 2023-2024, estean ou non empadroados no municipio.
- Para estes efectos, os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade, considéranse matriculados ou, no seu caso, procedentes do Colexio Público de Begonte.
- Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no I.E.S Río Miño de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2023-2024.

**Segundo. Finalidade:**

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria de axudas do Concello de Begonte, para a escolarización na etapa obrigatoria para o curso 2023-2024.

**Terceiro. Bases reguladoras:**

Resolución da Alcaldía, de 13 de setembro de 2023.

**Cuarto. Importe:**

Axudas cunha/unha contía de ata 150,00 € cada unha para educación infantil e primaria, para os cursos de 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO para material escolar e excepcionalmente para libros de texto dos cursos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO do instituto I.E.S Río Miño de Rábade (implantaron E-Dixgal).

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:**

Trinta días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo

Begonte, 13 DE SETEMBRO DE 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2911

---

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE**
*Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-1043 DO 8 DE SETEMBRO POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA XXXV TIRADA DE BOLOS DO CONCELLO DE XOVE

BDNS (Identif.): 716205

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/716205>)

**Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.**

Tanto na Liga Senior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 16, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 16 anos. Caso de cumprir os 16 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 16 ata a finalización do mesmo.

A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F. En cada tirada, polo representante municipal elaborárase un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.

**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios da XXXV Tirada de Bolos “Concello de Xove”.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a14f57f19f9fd/>

**Cuarto. Contía dos premios**

Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.

A) Premios por tirada.

LIGA SENIOR MASCULINA LIGA SUB 16 LIGA SENIOR F.EMININA

1º Premio..... 25 EUROS..... 15 EUROS..... 15 EUROS

2º Premio..... 20 EUROS..... 10 EUROS..... 10 EUROS

3º Premio.....	20 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS
4º Premio.....	20 EUROS		
5º Premio.....	20 EUROS		
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	5 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS

B) Premios finais

LIGA SENIOR MASCULINA LIGA SUB 16 LIGA SENIOR FEMININA

1º Premio.....	200 EUROS.....	90 EUROS.....	90 EUROS
2º Premio.....	150 EUROS.....	75 EUROS.....	75 EUROS
3º Premio.....	100 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS
4º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
5º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
6º Premio.....	50 EUROS		
7º Premio.....	50 EUROS		
8º Premio.....	50 EUROS		
9º Premio.....	50 EUROS		
10º Premio.....	25 EUROS		
11º Premio.....	25 EUROS		
12º Premio.....	25 EUROS		

PREMIO Á MELLOR

BOLADA.....	50 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS
-------------	---------------	---------------	----------

A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga senior masculina para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 euros, 50 euros e 25 euros.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

**Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios**

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

XOVE, 12 de setembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 2910